

SECRETARIA XERAL DE INSTITUCIONS PENITENCIARIAS

Subcomisión Paritaria IIPP

14.10.2020

CAMPAÑA DE VIXIANCIA DA SAUDE. VACINAS DA GRIPE.

Explícanos co Ministerio de Sanidade requisou todas as dosis das vacinas da gripe a nivel estatal. Dende a Secretaría Xeral se solicitou a Sanidade que liberaran as dosis para os empreados de IIPP ó ser considerados servicio esencial. Recentemente chegou a resolución do Ministerio de Sanidade autorizando a petición e van a enviar as dosis ás sedes de ASPY para que se poida comenzar canto antes a vacunación.

XESTIÓN DE CASOS COVID 19 POR PARTE DE ASPY.

O Subdirector Xeral recoñece que a xestión para realizar o rastrexo de casos e a determinación dos posibles contactos estreitos por parte de ASPY, NON está funcionando, se detectou moitas disfuncións. Nos indican que se puxeron en contacto con ASPY e están realizando un seguimento moi perto da xestión, polo que consideran que melloraron, anque son conscientes de que non en todos los casos.

Por miña parte infórmolle do ocurrido no centro penitenciario de A Lama, con respecto a un brote que se atopa activo nestes momentos, e donde a mala xestión de ASPY foi moi evidente. Responden que xa eran coñecedores e que xa han elevado unha queixa á empresa. Nestes momentos o consideran un caso aillado, pero nos indica que lle informemos de todas aquellas situaciòn das que sexamos coñecedores, para que poidan reconducilas.

SITUACIÓN NA TRAMITACIÓN DE COMPLEMENTOS DE PRODUCTIVIDADE.

. **Complemento especial traballadores en unidades de “agudos”.** Recentemente se ten coñecido a resolución da COPA de non aceptar a tramitación deste complemento, por un defecto de forma, por segunda vez. O argumento é que a xustificación económica é insuficiente. O Subdirector Xeral nos explica que dende o seu punto de vista ía suficientemente xustificado, con unha memoria económica detallada e un certificado asinado por él mesmo da existencia suficiente de fondos económicos. Nonh entenden qué máis teñen que facer para que por parte da COPA se acepte este trámite. Van a volver a falar con Función Pública para ver cómo se pode arranxar o tema.

. **Complemento de productividade anual e complemento por “absentismo”.** As dúas peticions están enviadas a CECIR dende o mes de xullo. A primeira é a solicitude para que o personal laboral poida ser incluido no reparto da productividade que se realiza a final de ano e que hasta agora soo inclúe a funcionarios. E a segunda, a petición de que o complemento de productividade actual se equipare en cuantía co de funcionarios. Dende CECIR informaronllas que a documentación aportada está correcta, o que descoñecen é en qué xuntanza se incluirá seu estudio.

GRUPOS DE TRABAIO.

. **Funcions de auxiliares de enfermería.** Despois de anos pidindo que se creara o grupo debido ás disfuncións e constantes conflictos que se observan no colectivo, se crea oficialmente o grupo de traballo. Para elo, se conecta durante uns minutos, a Subdirectora Xeral de Sanidade Penitenciaria e se determina a composición do grupo. Pola parte social, podremos acudir un membro de cada sindicato acompañado dun asesor.

. **Traballo Social.** Insistimos en que se convoque de novo o grupo xa que consideramos que hai cuestiñons suficientes que aclarar. Nos indican que dende a parte social enviemos os asuntos que queremos incluir e se convocará o grupo.

. **Funciñons dos “antigos” TMAE Ocupacionais.** Nos indican que por razóns organizativas e de axenda non é posible iniciar en estos momentos este grupo de traballo, polo que se priorizan os anteriores. Seguiremos insistindo na necesidade de crear este grupo.

TELETRABALLO EN IIPP (introducción en TREBEP do artigo 47bis).

En principio van a esperar a que dende Función Pública se desarrolle a implantación do Teletraballo, aínda nos adiantan, que tan soñ o contemplan para aplicarlo nos servicios centrais, tanto a funcionarios como a laborais, e non ós servicios periféricos, baseándose en que nestos últimos o traballo que se desenvolve é directamente cos usuarios e a carencia de medios técnicos que garanten absoluta seguridade no tratamento dos datos que se manexan, especialmente protexidos pola Lei de Protección de Datos.

Nos indican que eles apostan pola flexibilidade horaria máxima, como así se establece nas instrucciones que están en vigor,

SITUACIÓN CON RESPECTO A OEP 2019 E 2020.

Na OEP de 2019, está feita a proposta de distribución das prazas, aínda non está autorizada. A petición que fixeron de prazas para la OEP de 2020 dicen que é ambiciosa, aínda descoñecen o que se concederá. É un tema que se está tratando nestes días en Función Pública.

O resto dos asuntos que se tratan son temas que non se poden resolver dende esta mesa, como é o déficit xeneralizado de persoal ou o estancamiento da maioría das negociaciones do Convenio Único, encuadramento, concurso de traslados, etc.

Pontevedra a 16 de outubro de 2020.